Secretaría Xeral Técnica
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade
Xunta de Galicia

Asunto: anteproxecto da Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga
Trámite: alegacións da Alcaldía do Concello de Ourense ao anteproxecto
Expediente nº 2021031243

Con data 28 de xullo de 2021, a Dirección de Augas de Galicia comunicou a esta Alcaldía o trámite de audiencia do anteproxecto de Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, outorgando un prazo de 15 días hábiles para a formulación de alegacións, prazo que posteriormente foi ampliado ata o 15 de setembro de 2021.

Ao abeiro do dito trámite, a Alcaldía do Concello de Ourense formula as seguintes alegacións:

1ª) Supresión da figura do ente público representativo dos municipios integrantes dunha aglomeración urbana:

O anteproxecto define no seu artigo 2.ñ) o concepto de "ente público representativo dos municipios" dunha aglomeración urbana, como a "administración pública á que corresponde, no marco dunha aglomeración urbana, o cumprimento das obrigas derivadas do tratamento das augas residuais urbanas e a asunción, no seu caso, das responsabilidades derivadas do incumprimento das mesmas". Ademais, e conforme ao artigo 5.2.d) en relación co 5.4 do anteproxecto, será o Consello da Xunta o que determinará, para cada aglomeración urbana, a administración pública que deberá asumir esa condición. Esa determinación realizarase conforme aos criterios recollidos no artigo 6 do anteproxecto, establecéndose, para o caso de aglomeracións supramunicipais, que corresponderá a condición de ente representativo á administración pública responsable do servizo de depuración no concello que teña unha maior poboación conectada ás instalacións de depuración que formen parte da aglomeración (se ben o apartado 3 do artigo 6 permite que, alternativamente, as administracións públicas responsables dos servizos de saneamento e depuración acorden por unanimidade que o ente público representativo sexa unha administración distinta da proposta por Augas de Galicia).

Esa condición de ente público representativo comporta, segundo a definición xeral contida no artigo 2.ñ), unha serie de obrigas e responsabilidades para a administración afectada. Pola súa banda, o artigo 9.2 do anteproxecto obriga ao ente público representativo a propoñer, nun prazo de dous meses, un programa de acción para a resolución de incumprimentos que se detecten nos controis sobre vertidos que realice a administración

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.
A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.
Verificación do documento mediante código CSV no sitio http://sede.ourense.gob.es
CÓDIGO CSV:6MAXAD7PNETP890W

hidráulica de Galicia. Non obstante, esta do artigo 9.2 é a única referencia concreta que se contén en todo o articulado do anteproxecto ás funcións e responsabilidades do "ente público representativo"; no resto da regulación do anteproxecto, a referencia a facultades, obrigas ou responsabilidades faise sempre ás administracións titulares de infraestruturas, ás administracións responsables dos servizos ou aos entes públicos prestadores dos servizos.

Ao respecto desta regulación, esta Alcaldía considera que esa figura do "ente público representativo" das aglomeracións urbanas carece de sentido e debe ser eliminada do anteproxecto, polos seguintes motivos:

a) Non se estima legalmente posible imputar a unha administración pública, mediante un acordo do Consello da Xunta, a condición de ente público representativo do conxunto de administracións públicas con competencias en materia de saneamento e depuración no ámbito territorial dunha aglomeración urbana. Xuridicamente, non se sostén que se poida atribuír a unha entidade, por unha decisión unilateral do Consello da Xunta, a representacion doutras administracións ou entes públicos (sen o consentimento das representadas e sen o consentimento da representante).

b) Igualmente, non resulta admisible atribuír a unha única administración "o cumprimento das obrigas derivadas do tratamento das augas residuais urbanas e a asunción, no seu caso, das responsabilidades derivadas do incumprimento das mesmas", cando na aglomeración urbana operan distintas administracións. E non é admisible porque isto equivale, primeiro, a baleirar de contido as competencias das terceiras administracións (trasladando parte dese contido ao "ente público representativo") e, en segundo lugar, implica imputar ao "ente público representativo" responsabilidades por eventuais accións ou omisións doutras administracións ou entes públicos sobre as que aquel carece de calquera facultade de control ou supervisión.

c) Neste senso, carece de sentido que o artigo 9.2 do anteproxecto obrigue ao ente público representativo a propoñer, nun prazo de dous meses, un programa de acción para a resolución de incumprimentos que se detecten nos controis sobre vertidos que realice a administración hidráulica de Galicia, dado que isto implica obrigar a ese ente a propoñer un programa de acción para remediar uns incumprimentos que poden ter a súa causa en accións ou omisións de terceiras administracións ou entes públicos.

d) A este respecto, o feito de que o anteproxecto non volva a mencionar no seu articulado a figura do ente público representativo da aglomeración urbana é unha demostración desa carencia de sentido desta figura.

Polo exposto, proponse a supresión do apartado ñ) do artigo 2, e a modificación do artigo 9.2, no senso de que sexa a propia administración hidráulica de Galicia a que elabore o programa de acción necesario para a corrección dos eventuais incumprimentos que se

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.
A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.
Verificación do documento mediante código CSV no sitio http://sede.ourense.gob.es
CÓDIGO CSV:6MAXAD7PNETP890W

detecten, corrección que, no seu caso, corresponderá á administración competente para a ordenación e xestión do servizo público ao que corresponda o incumprimento.

Sen prexuízo do anterior, o concepto de aglomeración urbana supramunicipal si se estima de utilidade dende o punto de vista da promoción da coordinación e mesmo da xestión compartida ou integrada do saneamento e da depuración nesas áreas, polo que se propón, a este respecto, que o anteproxecto contemple a posibilidade da utilización de fórmulas convencionais ou institucionais de xestión compartida ou integrada do servizo de depuración e, no seu caso, de saneamento (que poderán incluír tanto a encomenda de xestión como a delegación do exercicio das competencias respectivas).

2ª) Modificación dos criterios de determinación da titularidade das infraestruturas:

O artigo 7 do anteproxecto establece os criterios para determinar a condición de administración titular das infraestruturas. Como primeiro criterio, establécese o dato formal da inscrición no Rexistro da Propiedade, como segundo criterio o da posesión da infraestruturas a título de propiedade durante dez anos, como terceiro criterio o da explotación durante vinte anos e como cuarto e derradeiro criterio o da súa localización territorial.

A condición de administración titular determina as obrigas de revisión quinquenal das instalacións (artigos 10 e 12); en cambio, as obrigas de reposición ou susbtitución dos elementos da instalación impútanse nestes mesmos artigos ás administracións responsables dos servizos.

Ao respecto, cabe indicar que o Concello de Ourense xestiona, como administración responsable, infraestruturas de titularidade doutras entidades (como ACUAES ou a Confederación Hidrográfica do Miño – Sil) dende datas recentes (menos de dez anos).

Non se comparte esta regulación, polos motivos seguintes:

a) En canto á titularidade da infraestrutura, entendemos que esta debe determinarse conforme ás normas xerais da lexislación de patrimonio das administracións públicas. A regulación que se propón pode dar lugar a situacións claramente disfuncionais (no caso do Concello de Ourense, de non estar inmatriculadas no Rexistro da Propiedade as instalacións ás que se fixo alusión, se imputaría a súa titularidade ao concello, en contra da realidade xurídica desas infraestruturas). En suma, a titularidade debe atribuírse á entidade á que lle corresponda en Dereito.

b) Con independencia do anterior, estímase que o criterio determinante das obrigas e responsabilidades en materia de ordenación e xestión de servizos públicos debe ser a competencia, e non a titularidade (de feito, a disociación entre competencia e titularidade non dexia de ser unha disfunción do sistema). Con independencia da súa titularidade, os bens

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.
A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.
Verificación do documento mediante código CSV no sitio http://sede.ourense.gob.es
CÓDIGO CSV:6MAXAD7PNETP890W

demaniais deben estar afectados, mediante mutación demanial, á administración titular do servizo público.

c) Neste senso, estímase que as responsabilidades de revisión das instalacións deben imputarse ás administracións titulares da competencia de ordenación e xestión do servizo de que se trate (sen prexuízo de que, no caso de non ostentar a titularidade dos bens, estas deban xestionar a realización das actuacións que procedan coas administracións titulares, nos termos da relación interadministrativa establecida entre ambas).

3ª) Sobre o cómputo do prazo para o cumprimento das obrigas previstas nos artigos 10.2, 10.4 e 13:

Os artigos 10.2 e 13 establecen diversas obrigas (plan de control anual de vertidos, plan de optimización da eficiencia enerxética) ao respecto das cales se prevé que Augas de Galicia desenvolva unhas directrices (artigos 10.2 e 13.3).

Estímase que o cómputo do prazo de dous anos debería realizarse a partir da aprobación das directrices establecidas por Augas de Galicia.

4º) Sobre o reparto de investimentos en municipios superiores a 20.000 habitantes:

O artigo 24 do anteproxecto establece un criterio para a distribución do financiamento de investimentos en infraestruturas de concellos de menos de 20.000 habitantes, distribuíndo o financiamento por terzos (un terzo Augas de Galicia, un terzo a deputación e un terzo o concello). Pero o anteproxecto non establece unha previsión semellante para os investimentos en infraestruturas de concellos de máis de 20.000 habitantes.

A este respecto, estímase que debería garantirse a mesma cota de financiamento para os concellos de máis de 20.000 habitantes, de xeito que a achega do concello non excedese do terzo (e isto con independencia de cómo se reparta o financiamento dos outros dous terzos entre a administración autonómica e a provincial).

5º) Extensión das medidas de protección de infraestruturas previstas no artigo 25 ás infraestruturas hidráulicas adscritas a servizos municipais.

O artigo 25 do anteproxecto establece unha serie de medidas de protección das infraestruturas de titularidade da administración hidráulica de Galicia.

Estímase que a lei debería estender a posibilidade de establecer esas medidas ao resto de infraestruturas hidráulicas, con independencia da súa titularidade; en particular, debe estender ás infraestruturas adscritas aos servizos municipais.

En Ourense, na data da sinatura electrónica
O Alcalde,

Asinado por: GONZALO PÉREZ JÁCOME - 34960446D
Cargo Alcalde-Presidente
Data Sinatura: 15/09/2021 09:06:59

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.
A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.
Verificación do documento mediante código CSV no sitio http://sede.ourense.gob.es
CÓDIGO CSV:6MAXAD7PNETP890W